

(María Pardo)

1. Unha noite no muíño  
unha noite non é nada  
unha semaniña enteira  
e aquela é muiñada.
2. O amor da costureira  
era papel e mollouse  
e aghora, costureiriña  
o teu amor acabouse.
3. [Ben te vin], ben te mirei-e  
mozo da faixa encarnada  
ben te vin, ben te mirei  
e non che puíden ve-la cara.
4. [Pensas] que tanto che quero  
porque miro para ti-e  
así Dios me ghuarde el alma  
como me río de ti-e.
5. Pensas que tanto che quero  
abofé como te engañas  
pareces un covito vello  
todo revolto en arañas.
6. Da miña casa a túa  
i-hai unha largha cadena  
toda llena de suspiros  
toda de suspiros llena.
7. [Teño] un caravel na i-horta  
unha rosa na curtiña  
o caravel vai medrando  
a rosa vai bonitiña.
8. María ten boas pernas  
ben llas vin no corredor-e  
non vin pernas coma elas  
a filla do labrador-e.
9. [...] mete o bico na silveira  
así fai a boa nena  
cando non ten quen a queira.
10. [Chamáchesme] moreniña  
porque nacín na revolta  
inda ti non é-lo ghalo  
que me dá-la media volta.
11. [A]ló arriba no alto  
hai unha vaca morrida  
que la mulieron a palos  
quedó con la boca abrida.
12. O río cando vai cheo  
leva carballos e follas  
tamén podía lovar-e  
as linguas marmuradoras.
13. [Cant]aruxa, cantaruxa  
filla da cantaruxeira  
cantaruxa, cantaruxa  
i-unque túa nai non queira.
14. O ferreiro ten a sarna  
e a muller o xarampión  
os fillos teñen a tiña  
valgha Dios, que perdición!
15. Chamácheme rachafaldras  
e inda non rachei ningunha  
se me volves a chamar-e  
inda che hei racha-la túa.
16. [...] ben chas sei-e  
si chas quixera decir-e  
con xente de pouco importe  
non me quero divertir-e.
17. Quen te me dera na hucha  
echada na faldriqueira  
que te había de coller-e  
como o rato na rateira.
18. Andúvecheste alabando  
que te querían as mozas  
quen te vai a crer a ti-e  
sacho de varre-las pozas.
19. Cando paso por tu puerta  
pedín pan e non mo deches  
cando pases pola miña  
fareiche como fixeches.
20. Cuando paso por tu puerta  
siempre me cae el sombrero  
de mirar pa tu ventana  
que tiene buen subidero.  
(Mercedes Uzal)
21. Vente vindo e vente andando  
vente vindo e vente andando  
e por non perde-lo tempo  
trae a roca e ven fiando.
22. Cando paso por tu puerta  
siempre me cae el sombrero  
de mirar pa tu ventana  
si tiene un buen subidero.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades